

XXII CONCURSO BAILE

tradicional

CANTIGAS E AGARIMOS

Co obxecto de enaltecer e promover o folclore tradicional galego convócase o:

XXII Concurso de Baile Tradicional Cantigas e Agarimos

Este é un concurso aberto, sen cota de inscrición, no que poderán participar tódolos grupos que o desexen.

BAILE TRADICIONAL

CATEGORÍAS

Categoría A: nenos/as ata os 9 anos inclusive.

Categoría B: nenos/as de 10 a 13 anos.

Categoría C: nenos/as de 14 a 17 anos.

Categoría D: nenos/as de 18 anos en diante.

BASES

- A categoría determinarase pola media das idades dos compoñentes.

-O grupo de baile estará formado por un mínimo de catro parellas, a non ser que as características do baile requiran outro tipo de formación.

-O grupo de acompañamento debe situarse no escenario de xeito que sexa visible para os membros do xurado.

-Tódolos participantes deberán leva-lo traxe tradicional (incluídos os grupos de acompañamento).

- A organización reservase a posibilidade de suprimir algunha das categorías no caso de que non haxa suficientes grupos.

-Cada grupo disporá dun tempo máximo de cinco minutos. No caso de superar este límite queda a criterio do xurado aplica-la oportuna penalización. O xurado será nomeado por Cantigas e Agarimos, e o seu dictame será inapelable.

-O xurado poderá descalificar a calquera grupo ou asociación que non se ataña ás bases aquí expostas.

-A organización poderá esixir o DNI ou libro de familia no caso que, por requirimento do xurado ou dalgunha das agrupacións participantes, exista algunha dúbida na idade dalgúns dos concursantes.

-En caso de negarse a presentalo o xurado poderá descalificar ó grupo.

Os grupos da Escola de Muiñeira de Cantigas e Agarimos non participarán no Concurso.

PREMIOS

Nas categorías A e B entregaranse:

- Un primeiro premio de 250 € e trofeo.
- Un segundo premio de 150 € e trofeo.
- Un terceiro premio ó que lle corresponderá un trofeo.

Nas categorías C e D entregaranse:

- Un primeiro premio de 300 € e trofeo.
- Un segundo premio de 200 € e trofeo.
- Un terceiro premio ó que lle corresponderá un trofeo.

Para a concesión destes galardóns, o xurado terá en conta: a autenticidade do baile, a súa interpretación e dificultade. Tamén se avaliará ó grupo de acompañamento.

PRAZO DE INSCRICIÓN

O prazo de inscrición remata o mércores 3 de xuño de 2009.

O Concurso terá lugar o domingo 14 de xuño de 2009 no Teatro Principal de Santiago de Compostela, en horario de mañá e tarde.

A orde de actuación e horarios serán enviados unha semana antes do concurso.

INSCRICIÓN

-Por correo ordinario á dirección:

AGRUPACIÓN CANTIGAS E AGARIMOS
Rúa Algalia de arriba, 11-baixo
Teléfono 981581257
15704 SANTIAGO DE COMPOSTELA
A CORUÑA

-Por correo electrónico, cumplimentando a plantilla que vos será enviada. Se algún grupo non a recibe pode pedila na seguinte dirección:

afcantigas_concurso2009@hotmail.com

AGRUPACIÓN CANTIGAS E AGARIMOS
Rúa Algalia de Arriba, 11
15704 – Santiago de Compostela
A Coruña

